



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza lamenta que o Goberno de Cuntis non aproveite as subvencións en materia de emprego

O alcalde confirmou no pleno do pasado xoves, a raíz dunha pregunta do voceiro de Veciñanza, que non solicitaran a subvención para a creación dun obradoiro de emprego da Consellaría. Cuntis ten 369 persoas en situación de desemprego.

Cuntis, 3 de xuño de 2017. O voceiro municipal de Veciñanza preguntou no pleno do pasado xoves pola solicitude da subvención da Xunta de Galicia que dá lugar á **creación de obradoiros de emprego** nos concellos. En anos anteriores, Cuntis compartira esa solicitude con Moraña e Valga. A sorpresa chegou cando **o Alcalde Manuel Campos confirmou que este ano Cuntis decidira non concorrer a esas axudas** (publicada no DOG como Orde 8-2-2017).

Segundo os últimos datos publicados en Cuntis hai 369 persoas en situación de desemprego. Cuntis conta cunhas instalacións (o Centro de Formación Ocupacional da Ran) envexables, magnificamente acondicionadas e cunha morea de homologacións que están a ser **desaproveitadas e infrautilizadas**. O paro e a falta de oportunidades laborais é un dos factores principais que configuran un panorama de decadencia poboacional que o actual goberno **non é capaz de reverter**.

Veciñanza valorou positivamente no seu momento a iniciativa compartida con Caldas de Reis en materia de emprego, pero lamenta que a acción do Bipartito nesta área non vaia máis alá e se limite unicamente a este programa xa que **non son incompatibles** (como recoñeceu o propio Alcalde). O CFO da Ran ofrece amplísimas oportunidades en materia de formación e **ningunha axuda ou subvención debера ser desaproveitada**.

